

*Cólera*, María Xosé Queizán

**Vanessa Cerqueira Ogando**

#### **Formas de citación recomendadas**

##### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CERQUEIRA OGANDO, VANESSA (2011 [2007]). “*Cólera*, María Xosé Queizán”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 186-187. Re-edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/885>>.

##### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

CERQUEIRA OGANDO, VANESSA (2007). “*Cólera*, María Xosé Queizán”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 186-187.

\* Edición dispoñíbel desde o 3 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Cólera

María Xosé Queizán

Vigo: Xerais, 2007

VANESSA CERQUEIRA OGANDO

Unha das cuestións fundamentais que cómpre ter en conta no achegamento á obra literaria de María Xosé Queizán é a súa concepción da literatura. Quen le debe coñecer de antemán que a autora, nos seus textos, sempre defende un tipo de escrita comprometida, o que dá en chamar “escrita da certeza”; é dicir, unha escrita que, ao mesmo tempo que transmite o coñecemento propio da escritora, ten como teima a mellora da sociedade e da vida en xeral. Daquela, toda a produción literaria de María Xosé Queizán, independentemente do xénero elixido, establece unha estreita vinculación co seu ensaio, singularmente con *Escrita da certeza. Por un feminismo optimista* (1995) e mais con *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias e as humanidades* (2004). Deste xeito, as súas composicións poéticas non caen nos tópicos da improvisación nin do sentimentalismo e nunca teñen un ton intimista, senón que a través delas a autora transmite os seus pensamentos de tendencia social e racionalista. Na “Autopoética”, publicada no *Boletín Galego de Literatura* en 1999, é a propia autora quen di: “Tanta dor existencial, desacougo... parecíame un xénero afastado das pretensións da miña obra. E, marabillosamente, descubrín que podía facer todo iso coa poesía. Escribir ensaio, facer unha escrita onde as verdades e o pracer se fixesen fetichistas da palabra”.

Neste contexto sitúase *Cólera*, o último poemario até agora publicado por María Xosé Queizán. Os vinte e seis poemas do libro sintetizan nas súas páxinas a recuperación da memoria histórica dunha xeración: a da resistencia ao franquismo e a dos sentimentos xurdidos nesas circunstancias. Dous aspectos —a historia e a emoción— que a autora pode conxugar grazas á marxe que a poesía deixa para a subxectividade. Ademais, *Cólera* dialoga, mediante a intertextualidade, con versos de Celso Emilio Ferreiro, Lorenzo Varela, Cabanillas ou do compositor portugués José Afonso, entre outros. Tamén existe un forte paralelismo entre o poema “Alba de crimes” (p. 56) e o discurso “Alba de groria” de Castelao. Queizán rexeita o nacionalismo esencialista que se procura e xustifica no imaxinario dos heroes celtas e reivindica un nacionalismo que se recoñeza nos seres reais, no percorrer da historia; neste caso, nos homes que morreron na loita antifranquista.

Unha das grandes virtudes do poemario, porén, é que a autora abandona por primeira vez (desde a

publicación de “O tapete de ganchillo”, o seu primeiro relato expresamente feminista publicado na revista *Grial* en 1978) a óptica feminina para dar conta dos feitos desde un punto de vista masculino. Queizán sabe que o recoñecemento aos impulsores do galeguismo político no franquismo non pode facerse desde a conciencia ideolóxica do feminismo, porque nese tempo as mulleres non constituían un movemento organizado e polo tanto público, senón que na súa maioría quedaban relegadas ao ámbito privado da casa, onde ás veces aqueles homes antifranquistas, que loitaban pola liberdade política, podían comportarse como auténticos tiranos, reproducindo a lóxica patriarcal do contrato sexual.

Ao longo de todo este poemario Queizán conxuga os problemas sociais coas ilusións políticas. Narra a fame: “de codias de pan duro / de lentellas con bicho” (p. 12); a censura: “nos fogóns arden libros” (p. 12); as sentenzas de morte: “Vai Franco baixo palio / armado dunha pluma / sentenza funerais” (p. 13) e o medo: “calar, calar, calar” (p. 12). Pero sobre todo *Cólera* quere ser unha gabanza á xuventude antifranquista e esperanzada que se rebelou en contra deste contexto. “Comeza a rebelión” (pp. 11-12) e as esperanzas de “Tombar a dictadura” (pp. 20-21) para conseguir unha “Galicia Ceibe” (pp. 16-17) das “longas noites de pedra” (p. 17), verso que fai referencia ao libro totémico de Celso Emilio Ferreiro, que representa a longa ditadura franquista.

E xunto a iso, asistimos ao recoñecemento dos heroes populares, que neste caso eran as mulleres e os homes do pobo que loitaron por conseguir unha sociedade nova. Como por exemplo “Os de metal” (pp. 51-52), metalúrxicos de Vigo que se manifestaron por uns convenios dignos, tras os que estaban a liberdade sindical e política. Tamén “Amador e Daniel” (pp. 43-44), os dous traballadores ferroláns da Bazán mortos o 10 de marzo de 1972 por causa dos disparos da autoridade policial cando, ao pechar a fábrica polos desacordos entre os obreiros e a empresa sobre as condicións laborais, percorreron as rúas da cidade en manifestación. Ademais, no libro aparecen retratos poéticos de figuras claves para o marxismo e dos líderes na loita polos dereitos humanos como “Nelson Mandela” (pp. 22-24) ou o Che. É importante subliñar que no poema dedicado ao guerrilleiro “Amar a Che Guevara” (pp. 41-42), faise máis patente, se cadra, a ollada masculina desde a que está escrito o libro. Nel

describe o home revolucionario, que representa a loita pola utopía da liberdade, pero tamén se converte en icona erótica para moitas mulleres. Mais o punto de vista adoptado é o do home, e a mentalidade desde a que explica este gozo sexual é a patriarcal: “a miña muller devece polo seu fusil / Impetuoso, eu, palmeira / entro na selva / e os nosos corpos entran no combate onde se morre de pracer” (p. 42). Neste poema Queizán sinala, establecendo unha semellanza entre a guerra e a parella heterosexual xerarquizada onde hai sempre as dicotomías entre vencedores (guerreiro/home) e vencidos (guerreiro/ muller), cómo o desexo patriarcal se basea na violencia. Por iso, para Queizán as relacións heterosexuais son desiguais e xerarquizadas: o home é o dominante e a muller é a submisa, e nesa loita establécese unha alusión directa ao abuso do poder das autoridades en contra do pobo. Con este poema, percibimos que, a pesar do seu propósito, Queizán crítica o home abusivo e tirano no ámbito privado e, polo tanto, vemos que a autora non se pode desfacer da súa condición feminista.

Con esa mesma condición, Queizán destaca tamén o papel fundamental que desempeñaron as participantes da loita en «As Encrobas» (pp. 49-50). Son mulleres que en 1974 se enfrontaron á garda civil no momento en que Unión Fenosa, co apoio do réxime franquista, pretendía expropiar as terras para explotar as minas de carbón que había no lugar. Neste poema Queizán fala das “labregas defensoras da terra

de seu” (p. 49), facendo así fincapé na súa concepción da *muller galega*. Ao longo da súa obra, sobre todo dos dous primeiros ensaios *A muller en Galicia* (1977) e *Recuperemos as mans* (1980), a autora mantén a idea de que a muller galega é aquela que non sucumbe á autoridade imposta polo patriarcado e conserva todos os elementos que conforman a nación, entre eles a defensa da terra.

Mais, por que agora a autora escribe sobre os anos que van desde mediados dos sesenta até mediados dos setenta? Aventurémonos nunha razón biográfica: durante a súa mocidade a autora foi testemuña e participante activa da loita antifranquista no noso país. Sendo así, agora visita como escritora e adulta o mundo que lle acompañou na xuventude. Regresa ao recordo dun tempo que non lle é alleo para dar conta da dor e do noxo daqueles anos, porque “Hai mortes que ademais de dor producen náuseas” (p. 58). quen le ten que aceptar percorrer estas páxinas para se facer a idea do que foi a loita antifranquista, porque posiblemente esta sexa a finalidade do poemario. Se cadra, atópase en “Testemuño” (p. 61) a confesión sobre a intencionalidade de legarles ás novas xeracións unha historia completa e comprometida do acontecido na década dos 60 e 70, para que as revisen criticamente alén das historias oficiais escritas aínda polos sucesores da ditadura e non tropecen na intolerancia do autoritarismo ■